

A Cova da Moura no Foral da Groba, Baiona. Patrimonio inmaterial, xeomorfolóxico e prehistórico nun punto da Serra da Groba

Clube Espeleolóxico Maúxo, CEM^(*)

INTRODUCCIÓN

A *Cova da Moura* é un topónimo frecuente e propio do territorio galego -portugués. Polo común, úsase en referencia a unha cova, burato ou espazo soterrado de orixe natural, como é o caso que nos ocupa, mais tamén, designase con el dende un afamado barrio suburbial (na Amadora, periferia de Lisboa) a un dos máis prezados monumentos megalíticos galegos: o dolmen de Argalo, Noia. Para nós, a primeira *Cova da Moura* investigada foi a moi peculiar e artificial mina de auga de *Cova da Moura*, en Gaxate, (A Lama) Terra de Montes¹.

Encanto, muller-serpe, serea, deidade, virxe... a *Moura* é un dos personaxes máis salientables do mundo imaxinario galaico e conta cunha ampla bibliografía e casuística. No Val Miñor son varios os casos documentados; precisamente no concello de Baiona abunda o topónimo que asocia moura e cova:

- No monte comunal de Sta. Cristina da Ramallosa, nas proximidades do *Outeiro dos Lameiros*. Unha pedra furada (cacheira, *tafoni*) en *Cova da Moura*, onde disque moraba unha, medio muller, medio peixe, que cando perdía algunha das súas ovellas, repoñíaa do monte colléndoa do gando dos de Morade.
- No monte comunal de Baiña, onde tamén lle chaman *A Casa da Moura*, contra *Chan da Lagoa*, Fontes. Lugar da moura que canta na beiramar de Baredo.
- A terceira referencia é a que nos ocupa; no máis alto do concello de Baiona, en terras de Belesar, no foral da Granxa.

O *Foral da Groba* vén sendo o monte en man común do lugar da Granxa, Belesar, Baiona, na Serra da Groba; territorio onde se localiza a *Cova da Moura* da que aquí tratamos. Como veremos, segundo contan as lendas e disque os papeis confirman, suman unhas 270 ha. de monte que pertenceron en tempos ao mosteiro de Santa María de Oia. A propiedade en man común, ostentosamente deslindada con grandes pedras fitas, circunvala un dos accidentes xeográficos máis impresionantes á vista en moitos quilómetros arredor.



Foto parcial da Groba -zona escura superior- dende o exterior da Cova da Moura, decembro 2007.

Referímonos ao precipicio aberto entre o *Alto da Gabiñeira*, o *Alto das Pozas* e o *Alto da Groba* onde augas mil creban as fontes do *Río Groba* ou *Río da Groba*. Pronunciada e alongada valgada de contundente fondura e abas en costa que nos resulta paradigmática do que se define como accidente topográfico particular. Desta 'groba' concreta, impresionante aberta na *Boca da Groba*, e non doutra das que existen na serra, colle nome o río, o alto e a serra toda que domina a paisaxe do sur occidente galego.

Tamén somos do parecer, neste caso pouco orixinal, de que o topónimo *groba* non se pode identificar, como aínda bastante xente pretende, co prerromano *grovii*; pobo indíxena desta parte da antiga Galiza citado por Pompónio Mela, Plinio e Ptolomeu. Como acertadamente explicou Joseph M. Piel:

Na realidade, a etimoloxía de 'groba/grova' vem a ser uma das mais transparentes que se possa imaginar, pois estas formas condizem perfectamente, no ponto de vista fonético como significativo, com uma voz goda 'groba', identidade que, de resto, não escapou à perspicácia de Fr. Martín Sarmiento, o qual, já la vão mais de dois séculos, insere o gal. grova no número dos 'nombres góticos', considerándo-o, sem outro comentário, comosendo designativo de 'sitios en las quebradas de los montes'. / A voz gótica 'groba', ben enraizada na tradición lexical germánica (...) 'cova, caverna' (...) 'sitio fundo, estreito' (...) 'groba' [sugire] possuisse ainda outro, ou seja 'cova' = 'sepultura' (...)².

1. AS LENDAS DA COVA DA MOURA


Que esta cova existe no alto da Serra da Groba, sábeo ben a xente do lugar da Granxa e moita outra de Belesar e comarca. Moitas persoas adultas lembran os días non tan antigos en que se subía de cote ao monte co gando, por caso. E pasar beira da cavidade, quizais achegarse á *Fonte da Moura* nas inmediacións³, subir *ex profeso* á boca da cova, e mesmo baixar os primeiros chanzos da sima. Lembran vivezas propias e o que contaban os devanceiros daquela sobre a *Cova da Moura* para que hoxe os máis novos e novas o escriban nas súas revistas escolares:

'AS TRES AGUIAS DE OURO'

Cando é tempo da matanza, e reúnese toda a familia, un home maior e con experiencia, que soe ser o avó ou o pai, conta algunha lenda que foi pasando polas bocas de todos os do pobo e, cando non sobre algunha

reforma, fala do Outeiro da Campá, na chaira que tamén se chama Chaira da Campá. Alí, nos tempos antigos, perdéronse tres aguias de ouro. Segundo dicía a xente, esas aguias pertencen á 'Cova da Moura', que é unha cova moi longa onde, segundo din, hai tres portas. Dúas son de ouro, que se as abres es rico; e outra de veneno, que se abres esa morres no momento. Andaron na procura delas, pero non as atoparon, xa que houbo transformacións da terra. Segundo din os vellos, as aguias de ouro aínda están aí, esperando ser encontradas⁴.

O mito das trabes de ouro versus veneno (normalmente alquitrán), ou como neste caso “portas” sitas no interior dunha cova, é cousa frecuente na tradición lendaria galega relacionada cos tesouros encantados⁵. Menos común resulta que das tres alternativas só unha resulte maléfica. O caso das tres aguias de ouro tamen resulta particular e senlleiro. Con todo, desta lenda interésanos subliñar agora como se vai desvelando a paisaxe imaxinaria do territorio que conecta *A Cova da*



Riba da Cova da Moura, decembro 2007, ao fondo dereita o monte Galíñeiro.

Moura -ou como nos comentaron persoalmente anónimos veciños de Belesar: *A Mina da Moura*- con puntos xeográficos distantes e tamén relevantes da paisaxe. Repárese en que o outeiro ou *Pedra da Campana* arriba referido “*queda en Baredo por pouco*” e mesmo hai quen di que xa na parte de Mougás (Oia):

‘A Campana’ é o monte todo. Alí hai uns penedos nos que se xuntaban os veciños. Non como na Pedra dos Acordos, se non por cuestións relacionadas co gando⁶.

Desta *Cova da Moura* do *Foral da Groba* coñécense máis lendas. Unha segunda conta con personaxes e relato presuntamente verdadeiros, e tamén redunda na significación desta cova como nó xeográfico de primeira orde na paisaxe imaxinaria popular. A continuación, repárese no implícito corredor soterrado que se establece esta vez co mar, co castelo de Baiona. Ademais do quilométrico pasadizo establecido (ao estilo do famoso entre *O Paso de San Xoán da Cova*, no río Ulla, e a cova do Pico Sacro) conta esta lenda co mérito de coñecermola por tres versións, o que dá proba da súa popularidade:

‘LENDAS DA COVA DA MOURA’.

Todo ocorreu no barrio da Granxa. Sucedeu que un veciño rico labrador chamado ‘O Caravel’, meteu nunha cova unha cabra. Entón un home chamado ‘O Cazador?’ foi ata a cova e alí, O Caravel díxolle que para saca-la cabra o mellor era baixarlle atado a unha corda. O bo

amigo aceptou, deixándose atar; e cando chegou preto do animal, o malvado Caravel cortou a corda. Pasados uns días, un soldado do Castelo de Baiona viu no oco dunha poterna o corpo dun ser humano. Era O Cazador, quen milagrosamente lograra salvarse da morte. Ninguén o creu contando que fora axudado por unha muller que lle indicou o camiño para conseguir a liberdade⁷.

‘A COVA DA MOURA’.

Fai 200 anos os frades do mosteiro de Oia eran donos da montaña da Groba en Belesar. A montaña tiña un garda; chamábanlle ‘O Cazador’ pola súa afección á caza. Na Granxa, un home que se chamaba ‘Carabel’ tiña un fillo que foi á festa de San Pedro na Ramallosa; había unha pelea de rapaces e el chegou á casa con graves feridas e desmaiado: tivérono que traer nunha carreta. Carabel chamou a un médico pero non puido facer nada. Carabel chamou ó Cazador, e o Cazador traeu tódalas herbas que curaban feridas porque era amigo dun médico; púxolle as herbas pero a morte tiña chegado. Un día, un veciño envidioso díxolle a Carabel que o Cazador matara ó seu fillo coas herbas, entón Carabel fixo unha trampa. Puxo unha cabra vella atada nas hostigas [¿?] e díxolle ó Cazador que quedara atrapada. Carabel díxolle ó Cazador que atase unha corda á cintura e que el o baixaba. O Cazador baixou e Carabel soltou a corda e o Cazador e a cabra quedaron atrapados.” Tres días despois, un soldado do castelo de Baiona viu unha barca cun home e unha cabra. O home parecía morto pero despertou e nadie o creu cando dixo que unha fermosa muller lle indicara o camiño. Os foron ver se era verdade e era certo. Apresaron a Carabel e O Cazador foi xunto dos frailes e díxolles que xa era vello e que o acolleran. E como non había garda na Groba, os frades regalaron a montaña a Belesar⁸.

Entre as versións desta *Lenda do Cazador* cómpre destacar a que vai a continuación, recollida e facilitada por Manola Conde Cid, profesora en Baiona:

‘A LENDA DO CAZADOR’.

Esta lenda que me contaron fai xa moito tempo por unha vella do lugar, ocorreu no barrio da Granxa, parroquia de Belesar. / A Granxa está situada baixo o monte da Groba, vella posesión que foi propiedade do Mosteiro de Santa María de Oia. Os frades deste convento tiñan como gardián do monte a un veciño da Granxa coñecido co alcume de ‘O Cazador’, que era afeccionado á caza. Este home estivera na súa xuventude ó servizo dun ciruxano de Tui e con tal motivo coñecía como podían emplearse moitas herbas para previr enfermidades. O Cazador, tamén tiña a obriga de coidar da capela que construíran os veciños na aba do monte dedicada a San Xoán Bautista. Sempre a tiña limpa e

nunca deixou que a lámpada que estaba fronte ó altar deixase de alumear.

Sucedeu que un veciño, rico labrego, chamado 'O Caravel' tiña un único fillo, mozo amigo de festas e trouladas, que un día foi a romaría de San Pedro á Ramallosa. Alí orixinouse unha violenta discusión entre os mozos de varias parroquias, que dexenerou en liorta, resultando o fillo do Caravel gravemente ferido, tendo que levalo a súa casa nun carro.

O pai chamou ó ciruxano de Baiona, quen o viu e revisou, receitando-lle sangrías, cataplasmas e outras cousas, pois o mozo recibira feridas graves na cabeza e non recobrara o sentido. Pasaron varios días e o ferido seguía no mesmo estado. Entón O Caravel chamou ó Cazador, quen ao ver ó mozo puxo xa mala cara. sacou as vendas que colocara ó ciruxano e díxolle ao pai que era un caso perdido, pero que el ía facer canto estivese na súa man e que só Deus podería salvalo. O Cazador aplicoulle ó mozo moitos remedios naturais que de nada lle serviron, pois enseguida morreu.

O caso foi que un veciño do lugar, envexoso e ruín, dixo ó Caravel que o infeliz Cazador matara ao seu fillo por aplicarlle mal os remedios.

O Caravel creuno e xurou que o mataría. Maquinou a mellor maneira de facelo sen que nadie lle puidese botar a culpa, pois o cazador era unha persoa moi querida no lugar. Entón ideou un plan: levou unha cabra á Cova da Moura, situada no monte da Groba, que era moi profunda e según a lenda estaba habitada por unha muller misteriosa, chamada Moura, que ás veces aparecíase ás mozas e obsequiábaas con moedas de ouro. Ninguén baixara nunca polas pedras medio rotas que semellaban unha vella escaleira que baixaba ó fondo da cova. Esta escaleira tiña algún chanzo desprendido, que non se vía con tanta silva.

O Caravel colocou á pouca profundidade á cabra coxa, de tal xeito que o animal non podía subir só. Entón díxolle ó Cazador que para sacar a cabra o mellor era utilizar unha corda forte ó redor do corpo do cazador, e que el, O Caravel, como máis resistente podería baizalo e logo subilo coa cabra. O Cazador deixouse atar e cando chegou preto do animal o Caravel cortou a corda cun coitelo, caendo nas profundidades da cova o infeliz Cazador coa cabra. Pasados uns días, un soldado do castelo de Baiona [Monte Real no Monte Boi] viu no oco dunha poterna que asomaba un corpo humano. Chamou á garda e sacaron o corpo dun home sen sentido. Cando este se repuxo dixo quen era e confesou o sucedido. Era o Cazador. Ninguén o creu cando dixo que ao caer fora axudado por unha fermosa muller, quen lle indicou o camiño que había seguir para liberarse. Por moito que repetiu a súa aventura creron que era un espía portugués pero, tanto insistiu que non tiveron máis remedio que prender ao caravel, que confesou o seu delito. Entón a xustiza confiscou os seus bens e condenouno a galeras. As autoridades do castelo trataron de investigar onde estaba a saída que utilizara o Cazador pero, por moito que se investigou, non se atopou nada.

O cazador voltou a súa casa da Granxa e de alí foi ó Mosteiro de Oia, deixando os seus bens a un veciño e indo traballar cos frades como xardiñeiro. Os frades quedaron sen garda nos montes da Groba e acordaron doalo en propiedade aos veciños da Granxa, pódolles como foro a cantidade anual de catrocentos reais de vellón. Tódolos anos no mes de marzo, un veciño da Granxa, o que chamaban Cabezaleiro, entregaba ó Abade do Mosteiro o foro, como representante da comunidade. Ata que en tempos de Isabel II, coa desamortización, venderon o foro co que os frades gravaran ao monte da Groba. Nesa época era o Cabezaleiro o veciño da Granxa D. Manuel Rodríguez de la Lomba, quen o mercou mediante escritura pública na delegación de facenda de Pontevedra a mediados do século pasado⁹.

Grazas á mesma profesora coñecemos unha terceira lenda máis. O relato é tan rico que mesmo inclúe, con poucas palabras, seres mitolóxicos a maiores (Os Mouros –raza mítica de mañás e significación diferenciada da Moura) e vínculos novos con outros puntos neuráxicos da paisaxe. Coas matizacións que logo lle facemos, podemos afirmar que este que a continuación se transcribe é un dos relatos lendarios máis sobranceiros dos que coñecemos asociados a unha cova galega:

'A COVA DA MOURA'

Na tarde do día 10 de outubro do 1977 tía Felisa do Pito (que Deus Haía) de 93 anos, falounos como segue das súas lembranzas de nenina.

- Na regueira que ven a seguir de Campo de Lobo, case no alto, esta a Cova da Moura, que é unha mina que baixa moi fonda, aínda que ninguén baixou máis de cinco ou seis chanzos da escaleira labrada na propia mina, pois é moi escura e óese respirar no fondo. Cando eramos nenos levabamos as ovellas e brincabamos na porta da mina e dicíamos:

«MOURA MOURIÑA,
DÉANOS DA SÚA RIQUEZA,
QUE NON LLE DAREMOS,
SÚA POBREZA».

Mentres dicían os versos, baixábase e subíase polos chanzos (os máis valentes chegaban ata o 5º). Logo, un dos que andaban fóra da mina ducía:

«MOURA MOURIÑA,
ATRACADE ESE LADRÓN,
QUE CHE ROUBA UN TIZÓN».

Preto da Cova hai unha fonte, a Fonte d'Ouro, na que as mouras e mailos mouros lavaban as súas moedas de ouro. Os veciños da Burqueira [Oia] esculcaban ós Mouros cando saían da cova, a andar arredor dos penedos.

O matiz ao texto anterior atopámolo no probable erro, debido á idade da informante, que se advirte no recitativo transcrito en primeiro lugar. O correcto da fórmula é: “Moura Mouriña / déanos da súa riqueza / que nós lle daremos / da nosa pobreza”. Neste senso, unha lenda recollida en Cernada, Ribarteme, As Neves, tal e como transcribe Afonso Vázquez-Monxardín, emprega o mesmo esconxuro na forma: “*Moura, mouriña, dános un pouquiño da túa riqueza que nós che damos da nosa probeza*”¹⁰. Xa nos anos 20 do século pasado, deixou escrito Eugenio Carre Aldao o seguinte:



Na Fonte da Moura, decembro 2007, nas inmediacións da Cova da Moura.

*“No hay ruínas de castillos feudales, monasterios y otros edificios, furnas o cuevas, castros, mámoas, dólmene y otros monumentos prehistóricos, que no tenga la suya correspondiente [leyenda de encantamientos y tesoros], lo mismo que los remansos de los lagos y de los ríos y las aguas muertas de lagos y lagunas. Ya es una hermosísima dama que, peinándose con peine de oro, aparece en los sitios donde se guardan ocultos los tesoros -y ay! del que la mire o la hable si no acierta a desencantarla- o ya es una gallina, perdiz u otra ave que con sus crías aparece repentinamente y en lo más intrincado de un bosque o de un monte, a las que en vano persigue el inadvertido que las encuentra, pues cuanto más parece que va a apoderarse de ellas, huyen o se desvanecen para aparecer nuevamente, atrayendo en persecución vana y largas horas al incauto, que tarde lamenta no haberse acordado que estaba frente a un encanto que tan fácilmente hubiera podido desacer sin otra cosa que arrojarle, de no tener a mano agua, un paño o su pañuelo, gorra o sombrero, y diciendo: Dádeme a vosa riqueza: tomade a miña probeza”*¹¹.


De volta ao testemuñado pola defunta tía Felisa do Pito, reparemos na data da entrevista e na idade da muller que nos retrotraen a un relato lendario aprendido en pleno século XIX. Ademais, o breve e contundente estilo, a descrición da cova e o seu “respirar”, o relativo ao lavar ouro e á *Fonte d’Ouro* (por baixo *Cova da Moura* e fronte do tramo de río inmediato á desaparecida capela de San Xoán da Granxa), e o contexto social narrado daquela rapazada no monte a brincar na cova, reafirman a mestría do relato.

2. XEOMORFOLOXÍA, DESCRICIÓN E OUTROS TRAZOS XEOLÓXICOS

Aínda que moi distinta do que as lendas suxiren, a *Cova da Moura* do *Foral da Groba* existe. Localízase na conca NW do *Río da Groba*, na parte máis alta da vertente norte da *Boca da Groba* nas lindes da paleosuperficie A2 (+600 a +630



Situación da Cova da Moura no mapa xeolóxico do IGME.



Fotos espeleotemas da Cova da Moura.

m.s.n.m) que coroa esta parte da Serra da Groba e que se correspondería cos restos dunha penachira de corrosión química con evolución complexa¹². As coordenadas aproximadas UTM (X,Y) son (514713.72, 4657297.60).

Trátase dunha cova estrutural¹³ de pequeno tamaño cun desenvolvemento total de 14 metros, cunha vertical de -4 m e un desenvolvemento en proxección horizontal de 9 m. A rocha é granito cataclástico (granitos de afinidade alcalina) e, morfoloxicamente, a cavidade é unha fisura aberta debida a un movemento estrutural, basculamento, a favor da vertente e mais cuberta por bloques de diferente tamaño desprazados na mesma fronte. Este basculamento fica patente na sección en V da fisura, e semella terse producido en toda a fronte da linde da paleosuperficie A2 a favor dunha discontinuidade vertical principal de dirección N20°E/N30°E (dirección determinada por ortoimaxe).

En acordo coa tipoloxía de pseudocarst elaborada pola *Commission for Pseudokarst* e a *Commission on Volcano Caves* da UIS, Unión Internacional de Espeleloxía, a Cova da Moura do Foral da Groba trataríase dun pseudocarst en noiro: *rockpile and rockslide talus caves are slope failure features found especially in boulder field at the bases of cliffs, on slopes or in narrow streams gorges. Some represent a stage of disintegration of crevice caves affected by differing rates of downslope movement*¹⁴.

En traballos anteriores¹⁵, a cavidade clasificouse como cova tectónica (con morfoloxía de cova de fisura) seguindo os criterios morfoxenéticos expostos en 1996 por Thomas Striebel. O termo "tectónica" implica a consideración de "procesos endóxenos", cando as covas cársticas, como as pseudocársticas, son

post-tectónicas, adaptadas todas elas á estrutura resultante e consecuencia de procesos esóxenos. A supresión deste termo na clasificación de cavidades pseudocársticas tamén se considerou recentemente durante as sesións de traballo da *International Conference on Granitic Caves*¹⁶.

As formas identificadas na cavidade podemos clasificalas en dous grupos morfoxenéticos básicos: Formas estruturais (de orixe endóxena), indicativas da estrutura subxacente; e formas deposicionais, entre as que destacan as neomineralizacións de ópalo¹⁷.

Entre as formas estruturais destaca o sistema de fracturas ortogonais que localmente se aproximan ás direccións N30°E, N90°E e N170°E. A fractura principal, N30°E, presenta unha estrutura de foliación subvertical con buzamento de 65°N-60°W que guía vertical e horizontalmente o desenvolvemento da cavidade. A falla tería unha lonxitude de 800 m.


Como formas deposicionais destacan as neomineralizacións de ópalo-A ou ópalo bioxénico¹⁸. Nesta cavidade identificamos depósitos con morfoloxías de coada (*flowstone*) en poucos casos con microgours milimétricos asociados. Os espeleotemas máis habituais son formas brotoidais e nodulares, case sen ramificacións fractaloides, presentes en superficies verticais e horizontais. Estas microformas teñen sido interpretadas como espeleotemas cilíndricos en morfoloxías de microestalactitas e antiestalactitas, estas últimas caracterizadas por non estar asociadas a puntos de goteo. Son formas de tamaño milimétrico a centimétrico e cores variables predominando o ton branco e a gris cinza. Nas zonas afectadas pola luz solar, os depósitos de ópalo están recubertos de musgos, o que parece indicar que parte de las neomineralizacións desenvolvéronse en fisura quedando expostos, “mortos”, logo da caída e basculamento dos bloques rochosos.

Os depósitos secundarios observados son restos húmicos e humus, xunto con algúns restos óseos. No existe circulación de augas soterradas.

A cavidade presenta basicamente dúas zonas:

Sección A: Pozo de acceso, de estrutura en chanzos desenvolta a favor das fracturas subverticais. Considéranse dous chanzos de entrada con resaltes sucesivos de 134 cm e 77 cm. A galería progresa a favor do plano de dislocación ata un novo resalte, moi estreito, de 130 cm de altura que permite acceder ao oco situado por baixo da entrada da sección B.

Sección B: Pozo de acceso orixinado por remoción dunha estrutura fragmentada de bloques rochosos. O pozo orixinárase polo desprazamento dos bloques froito da intersección das discontinuidades antes mencionadas. Nesta zona, por baixo da cota dos -2,5 m abundan os concrecionamentos de sílice, destacando os



Topografía da Cova da Moura.

conxuntos estalagmíticos brotoidais que se localizan no caos de bloques N. O piso está formado por bloques angulosos e depósitos modernos de orixe húmica. Apréciase gravas grosa e notase a erosión dos depósitos orgánicos por goteo concentrado e constante.

Outros aspectos xeomorfolóxicos e estruturais:

Como se di nunha das lendas antes expostas: "... óese respirar no fondo ..." Efectivamente, apréciase un lixeiro movemento de aire nas cotas baixas, posiblemente polos efectos de circulación en tubo de vento.

Non se localizaron marcas erosivas que permitan determinar canles de drenaxe natural que puideran vincular esta cova coa *Fonte da Moura* e coa *Fonte d'Ouro*... moito menos pasadizo agochado algún que comunique coa *Campana* ou co mar.

Os bloques superiores presentan formas de alteración, destacando as nervaduras reticulares con gravado positivo/negativo nos bloques próximos basculados.

3. AVANCE PRELIMINAR SOBRE O XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VECIÑO

No estudo espeleolóxico que fixemos a entre finais 2002 de abril de 2003 e que vimos de actualizar como arriba se sinala, non se detectou indicio prehistórico algún dentro da *Cova da Moura*. No CEM non somos arqueólogos, e limitámonos a satisfacer o noso coñecemento prehistórico polo que a simple vista albiscamos e boamente recoñecemos ao chou. Ademais, cóntese con que é moi habitual que as covas pequenas e moi coñecidas, frecuentadas con asiduidade, como esta, non garden a simple vista evidencias de ocupacións recuadas como as prehistóricas.

Mais o chou é fortuíto, e nun daqueles primeiros días de 2003 recoñecemos un *Muíño Rupestre* mas inmediacións da cova. A historiografía deste tipo de artefactos é ben recente, data de principios dos anos 1980, e mais está vinculado ás investigacións da arte rupestre galega¹⁹. O descubrimento, xa que non se tiñan referencias del, cometámolo con Xosé M^a Bouzo, Xosé Lois Vilar Pedreira e Xilberte Manso do IEM, e con outros investigadores interesados neste tipo de equipos de muñada tan vinculados co mundo dos petróglifos.

Un muíño rupestre diferénciase formalmente de calquera outro tipo de muíño navicular prehistórico en que non é móbil, utilízase como soporte da moenda a superficie dos afloramentos rochosos da paisaxe. Formalmente, este tipo de base de moer a man caracterízase por poder dispoñer de varios compoñentes diferenciados²⁰. Unha "pileta" rectangular de sección navicular, con casos onde se poden observar a simple vista as marcas do pulido ocasionado pola reiterada actividade, e un ou dos "microcompoñentes" ou concavidades de planta elíptica máis pequenas e opcionais (non sempre aparecen) e con sinais de percusión directa, nunca de pulido.

Este tipo de artefacto é propio da xeografía prehistórica da costa suroccidental das *Rías Baixas* dende Fisterra ao Portugal *minhoto*²¹. Así o confirman o recente descubrimento de José Cernadas en *Os Castros*, no concello de Carnota²², e o caso *minhoto* de polo menos 16 muíños rupestres repartidos en nove estancias cavernícolas do Castelo da Furna²³, Boivão, Valença. Con todo, a súa distribución non é homoxénea coexistindo áreas de gran concentración de artefactos (sobre todo en

LUGAR	MUÍÑOS	RELACIÓN CON ARTE RUPESTRE
A Lapeira de Mesadouro, Aldán	2	Petróglifos na zona
Peneites, Chandebrito.	2	Petróglifos na zona.
A Cañoteira, Chandebrito.	3	Superposición de petróglifos
A Lapa dos Piñeiros, Chandebrito	3	Superposición de petróglifos
O Penedo das Pías, VINCIOS	5	Petróglifos na zona
Outeiro das Campanas, Camos	1	Petróglifos na zona
O Coto da Moura, Chaín	3	Superposición de petróglifos e mais muíños no exterior da cova
O Castelo da Furna, Boivão	16	Sen documentar, si na zona próxima.
A Igrexa da Piñeira, VINCIOS.		Sen documentar, destruída

Táboa. 1. Estacións con muíños rupestres en covas graníticas galego-portuguesas.

terras do Maúxo²⁴, entre Vigo e Nigrán) con outras superficies extensas de territorio onde non se coñece estación de muíños rupestres algunha.

A día de hoxe sábese da orde de 200 muíños rupestres repartidos en máis 80 grupos. Na Serra da Groba hainos en número insospeitado polas terras de Oia, O Rosal, Tomiño e A Guarda. En concreto, no concello de Baiona coñécense cinco sitios con muíños deste tipo, asemade deste caso nas proximidades de *Cova da Moura*, no *Grichouso* (Belesar), no *Regueiro do Retruco* (Baíña), na *Fonte da Vaca* (Baredo) e no *Outeiro das Pereiras* (Baredo)²⁵.


Preferentemente, os muíños rupestres aparecen distribuídos en grupos e realizados en paraxes graníticas acollidas de xeito que resulta significativo o número de muíños rupestres ao abeiro ou dentro de cova (Táboa 1). Pola contra, tamén se dan excepcións nas condicións xeográficas, tal é o caso das *Penisas Pequenas*, Monteferro (Nigrán) e mais o do cantil de Fortiño (Saiáns, Vigo), lugares hoxe nada resgardados.

Agardando datos máis contundentes dos dispoñibles hoxe²⁶, e sen que se poida descartar de todo a preparación doutras sustancias, consideramos probable que estes artefactos se relacionan coa alimentación, servindo de base para a muiñada dalgún cereal ou produto vexetal: castañas, landras...

Así mesmo, a cronoloxía deste tipo de artefactos é imprecisa. En moitos casos os muíños rupestres comparten soporte coa coñecida arte rupestre prehistórica²⁷. Os gravados asociados son maioritariamente de tipo abstracto (combinacións circulares e grupos de covañas e cazoletas). Esta circunstancia establece unha cronoloxía relativa entre os muíños e os petróglifos polas seguintes razóns:

Cando comparten soporte, os gravados soen estar nas partes marxinais do espazo dispoñible, ocupando os muíños a superficie máis propicia da laxe para a moenda.

Nun significativo número de casos, os muíños son integrados nas composicións rupestres que inundan o soporte. Os gravados respectan os muíños e superpóñense sobre eles (por exemplo, con sucros que comunican os distintos compoñentes do artefacto). Máis sintomáticos son os casos onde pequenas covañas ou cazoletas son gravadas na "pileta" quedando selado así o muíño.



Vista parcial zona arqueolóxica nas proximidades de Cova da Moura co detalle dos distintos muíños recoñecidos á vista.

Como se deduce destas circunstancias, os muíños rupestres foron feitos antes dos petróglifos. O que non estamos é en condicións de dicir canto tempo antes, ou se o que estamos a ver é unha ordenación de carácter “funcional” en períodos relativamente curtos de tempo, ou se existe unha diacronía moito máis dilatada entre as dúas manifestacións. Con independencia disto, a cronoloxía dos petróglifos é tamén problemática aínda que se tende a situar entre o IIIº e o IIº milenio B.C. Agora ben, novos datos permiten atrasar unha parte deste tipo de gravados, cando menos cara o IVº milenio B.C. se non antes. Resumindo, os muíños rupestres serían anteriores a unha boa parte do ciclo da arte rupestre, o que os podería situar en pleno Neolítico²⁸.

E aquí remataría o referido a este xacemento próximo á *Cova da Moura* se non fose que o pasado 25 de novembro de 2007, motivados polos editores da revista, volvemos visitar esta parte da Serra da Groba por repasar os datos sobre a cavidade. E foi de novo ao chou, cando estando a debater se alí hai canteira ou non a hai, viramos unha das moitas pedras alí acumuladas e vimos un durminte dun muíño que estaba do envés, e na veciña outro a medio facer, e fixándose, restos doutros. Todo apunta a que o potencial arqueolóxico do lugar pode ser relevante, entre outras causas, polo raros que resultan os soportes recoñecidos á vista e o tipo de xacemento que delatan.

O suceso deste novo achado foi, na liña habitual do clube Maúxo, comunicado inmediatamente e por escrito á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. Así mesmo, déuselles nova aos colaboradores habituais interesados neste tema e, mesmo excepcionalmente, un dos autores asinante, como particular interesado, informou e animou a mobilizarse tanto aos propietarios do terreo (en concreto comunicándollo á presidenta da Comunidade de Montes do Foral da Groba), como ás autoridades locais do concello de Baiona.

A día de hoxe, 30 de xaneiro de 2008, o xacemento está en vías de catalogación pública, aínda que non recibimos a tranquilidade de ver rescatado o que alí fica en risco de saqueo. Desexamos sirvan estas poucas páxinas para animar ás autoridades, aos propietarios do terreo e, sobre todo, a toda a sociedade, á promoción do debido coidado e estudo arqueolóxico desta interesante paraxe da tan singular Serra da Groba, territorio que, para moitos e moitas da veciñanza, e visitantes non digamos, é paisaxe sobranceira pola súa relevancia ecolóxica, social, etnográfica, arqueolóxica... parte da terra nosa que temos a obriga de preservar, investigar, divulgar e mellorar en beneficio público.

AGRADECEMENTOS

O noso particular agradecemento a Xosé M^a Bouzó e a Manola Conde Cid por informarnos no seu día sobre a existencia desta cova, un lugar máis, pequeno e solitario punto da Serra da Groba agora ameazada pola avaricia do proxecto dun parque de aeroxeradores industriais. A Xosé Lois Vilar Pedreira, e no seu nome a todas as persoas que loitan por unha Serra da Groba mellor.

PD.

Con data do 10 de abril deste ano 2008, recibimos da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta, comunicación de ter xa inventariado este xacemento coa clave GA36003040 Boca da Groba.

(*) **Clube Espeleolóxico Maúxo**, CEM, Vigo. **Autores texto**: Xavier Groba González e Marcos Vaqueiro Rodríguez. **Topografía**: Marcos Vaqueiro. **Fotografías**: Marcos Vaqueiro, Xavier Groba e Reinaldo Costas. **Investigación**: José Bernardino Costas Goberna, Reinaldo Costas Vázquez, Miguel García García, Xavier Groba, J. M. López Mosquera "Zrus", Eduardo Méndez Quintas, Tereixa Otero Dacosta e Marcos Vaqueiro.

NOTAS

- 1 CLUBESPELEOLÓXICO MAÚXO, (1996), "Cova da Moura. Caracterización de las cavidades del no karst granítico de la provincia de Pontevedra", *Actas del 1er. encuentro nacional de estudio de cavidades artificiales*. Sociedad Espeleológica "La Senyera" & Sociedad Española de Investigaciones Subterráneas, Paterna, Valencia, pp. 83-89.
- 2 PIEL, J. M., (1974), "Sobre unha suposta identificación dos topónimos gal.-port. Groba, Grova, etc., com o etnónimo pre-romano *Grovii*", *VERBA, Anuario Gallego de Filología*, Vol. 1, pp. 62-67.
- 3 BOUZÓ, X. M^a e RODRÍGUEZ PINTOS, X., (1998). *Guía da Humanatureza*, orixinal inédito fotocopiado, 149 pp.
- 4 Yohanny, (1997), alumno de 8^o EXB no Colexio Público de Belesar, *O Balcón do Val Miñor*, Baiona, curso 1996-1997, p. 10.
- 5 "Mailo que se conta de casi tódolos sitios é o das 'trabes', unha de ouro e outra de alquitrán, que as veces van de castro a castro, ou dun moimento a outro, atravesan os camiños e os ríos (...). Pode habere somentes a trabe de ouro, máis cando hai as dúas, quen as procure tén que ter moita mau, porque si da coa de ouro, pouse rico, mais si da coa de alquitrán, estoupa a trabe en labaradas de lume e arden os buscadores, ou moita terra arredor, ou a comarca inteira, (...) A trabe perigosa, en lugar de ser de alquitrán, pode ser de lume ardendo, de veneno, e, nalgún caso, de peste. En lugar de seren trabes, poden ser olas, cántaras, cadeas ou minas, e nalgún caso, son tres: de ouro, de prata e de alquitrán." RISCO, Vicente, "Etnografía, Cultura Espiritual", *Historia de Galiza*, OTERO PEDRAYO dir. (1979), Col. Arealonga, Akal Editor, Madrid, Vol. 1, pp. 329-330.
- 6 Ref. Doc. Arquivos CEM 02/11/2002. Datos da charla informal entre membros do colectivo Maúxo e dous veciños (ca. 40 - 50 anos) co seu gando xoto no *Campo do Lobo*.
- 7 CABRAL, Rubén e Silvano, alumnos de 8^o EXB no Colexio Público de Belesar, *O Balcón do Val Miñor*, Baiona, curso 1996-1997, p. 10.
- 8 ANÓNIMO alumno no Colexio Público de Belesar, *O Balcón do Val Miñor*, Baiona, curso 1996-1997, pp. 26-28.
- 9 Recollido, transcrito e facilitado pola profesora Manola Conde Cid. Arquivos CEM dende 2002.
- 10 VÁZQUEZ MONXARDIN FERNÁNDEZ, A., (1994), "102 lendas e noticias lendarias", *Boletín Auriense*, ano XXIV, Ourense, Tomo XXIV, exemplo n^o 90, p. 331.
- 11 CARRÉ ALDAO, E., (ca. 1925), *Geografía General del Reino de Galicia*, (Carreras y Candi, ed.) *Provincia de la Coruña (tomo I)*, Casa Editorial Alberto Martín, Barcelona, I, p. 101.
- 12 PAGÉS VALCARLOS, J. L., e VIDAL ROMANI, J. R., (1997), "Evolución Neógena de la cuenca baja del Tambre", *Cadernos Laboratorio de Laxe*. VOL. 22, ed. O Castro, A Coruña, pp. 133-149.
- 13 TWIDALE, CH. R., e VIDAL ROMANÍ, J. R., (2005), *Landforms and geology of granite terrains*. A. A. Balkema Publishers Leiden, UK.
- 14 HALLIDAY, W. R., (2007), "Pseudokarst in The 21St century" *Journal of Caves and Karts Studies*, Vol. 1, pp. 103-113.
- 15 VAQUEIRO, M., e GROBA, X., (2003), *A Cova da Moura. Unha cavidade tecnónica na*

- serra da Groba, Galicia. Arquivos CEM, abril 2003. GROBA, X. e VAQUEIRO, M. (2004) *A Cova do Pico. En el Interior de la Compostelana Montaña de Cuarzo. Pico Sacro, Boqueixón, Galicia*. Proxecto: CEM, Ed. Concello de Boqueixón, pp. 167-169.
- 16 ICOGC, *International Conference On Granite Caves*, co-organizada polo Instituto Universitario de Xeoloxía da Universidade de A Coruña, a comisión do pseudocarst da Unión Internacional de Espeleoloxía, UIS, e máis o *Clube Espeleolóxico Maíxo*. Asistiron investigadores de 13 países. A conferencia desenvolveuse en A Coruña e visitáronse cavidades naturais no Monte Pindo (Carnota), Serra do Galiñeiro (Gondomar), Pico Sacro – Santiago de Compostela, as paleofurnas de Baredo (Baiona), o Castelo da Furna (Boivão, Valença) e o sistema estrutural granítico de O Folón (Coruxo, Vigo).
- 17 VAQUEIRO, M., (1994), “Os espeleotemas silíceos e o *mondmilch* das cavidades graníticas da G/PO-1”. Revista da Federación Galega de Espeleoloxía FURADA nº 8. Federación Galega de Espeleoloxía. A Coruña 1994, pp. 17-19.
- 18 TWIDALE, CH. R., e VIDAL ROMANÍ, J. R., (2005), *Opus cit.*
- 19 SUÁREZ, J., (1979), “Os Olleiros, Nova estación de arte rupestre galego”. *El Museo de Pontevedra XXXIII*, Pontevedra, pp. 103-127. GARCÍA A. & PEÑA, A. de la. (1980) *Gravados Rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Pontevedra, pp. 84-85. MARTÍNEZ DO TAMUXE, X., (1982), “Riqueza rupestre en el monte de Torroso”, *El Museo de Pontevedra XXVI*, Pontevedra, pp. 241-252. HIDALGO, J. M. e COSTAS, F. J., (1980), *Prospecciones arqueológicas en los valles del Tea, Albedosa y Miñor*, Publicaciones del Museo ‘Quiñones de León’, Vigo, p. 47. COSTAS, F. J., et alii, (1984), *Petroglifos del litoral sur de la ría de Vigo*, Publicacións do Museo ‘Quiñones de León’, Vigo, en especial pp. 227-231. COSTAS, F. J., e FERNÁNDEZ PINTOS, X., (1987), “Nuevos petroglifos al litoral Sur de la ría de Vigo (Valles Fragoso y Miñor)”. *Revista Castrelos*, nº 0, Vigo, p. 68-70.
- 20 FERNÁNDEZ PINTOS, J., (1993), “Asociaciones de combinaciones circulares a equipos de molienda rupestres en el N.O. peninsular”, *Actas do VI Coloquio Portuense de Arqueología (1987)*, LVCERNA, *Cadernos de Arqueología do Centro de Estudos Humanísticos*, Iª Serie, Vol. III, Secretaría de Estado da Cultura, Delegação do Norte, Centro de Estudos Humanísticos, Porto, pp. 75-95. COSTAS, F. J. e FERNÁNDEZ, J., (1987), “Nuevos petroglifos al litoral Sur de la ría de Vigo (Valles Fragoso y Miñor)”, *Revista Castrelos*, nº 0, Vigo, p. 68-70. FERNÁNDEZ, J., (1990) “Los Molinos Prehistóricos”, *Atlántico Diario*, Vigo 18/02/1990, p. 30. FERNÁNDEZ, J., “Nuevos Petroglifos descubiertos en Vigo”, *Atlántico Diario*, Vigo 04/03/1990, p. 30.
- 21 COSTAS GOBERNA, J. B., (2001), “Cavidades naturais e insculturas rupestres no suroeste galego”. *Congreso Internacional da Arte Rupestre Europea*, Vigo, 1999, Actas Ed. CD-R, concello de Vigo.
- 22 CERNADAS SANDE, J., (2007), *Gravados rupestres nos montes de Carnota*, Ed. tresCtres, Santa Comba, A Coruña, pp. 164-167.
- 23 GROBA, X. & MÉNDEZ QUINTAS, E., (no prelo), *International Conference Granitic Caves*, “Human occupations during the recent prehistory in the granite caves of the occidental coast of Galicia”, 2007. Ed. IUX, Universidade de A Coruña – Clube Espeleolóxico Maíxo – IUS
- 24 COSTAS, J. B. e GROBA, X., (1994), “Os Petroglifos do Máixo (Vigo e Nigrán)”, *El Museo de Pontevedra, XLVIII*, Pontevedra, pp.129-231. VAQUEIRO, M., GROBA, X. e GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, A., (2004), *O Folón (Coruxo) e as outras covas do Sur de Vigo*. Ed. Asociación Veciñal de Coruxo, Vigo, 73 pp.
- 25 VILAR PEDREIRA, X. L., (2001), “Os muíños naviculares en soporte fixo”, *Revista do Instituto de Estudos Miñoranos, REM*, nº 1, Gondomar, pp. 29-33. BOUZÓ, X. Mª., e GROBA, X., (2003), “Prestixioso Patrimonio Rupestre no Instituto”. *Lerías* nº 11, Revista IES “Primeiro de Marzo”, Baiona, pp. 7-8. NOVOA, P., et alii (2006), “Gravuras Rupestre Pré-históricas no Concello de Valença”, *Boletín Municipal*, nº 63, Valença do Minho, pp. 40-43.
- 26 FÁBREGAS, R., (2001), *Los Petroglifos y su Contexto: Un ejemplo de la Galicia Meridional*. Ed. I. Estudios Vigueses, Vigo, pp. 59-65.
- 27 COSTAS, J. B., (2001), *Opus cit.* GROBA, X., (no prelo), “Relevancia prehistórica das covas graníticas no N-NE do Val Miñor”, *Actas do Iº Congreso Galego de Espeleoloxía*, O Barco de Valdeorras 2006. Ed. Federación Galega de Espeleoloxía.
- 28 COSTAS, J. B. (2001). *Opus cit.* GROBA, X., (2004), “Patrimonio arqueolóxico asociado”, *O Folón (Coruxo, Vigo) e as outras covas do Sur de Vigo*. Ed. Asociación Veciñal de Coruxo, Vigo, pp. 27 – 52. MÉNDEZ QUINTAS, E., (2005) “Cavidades entre a Idade de Bronce e o Paleolítico”, *As Covas de Vincios*, Proxecto Maíxo. Ed. Xunta de Montes en man Común de Vincios, Gondomar, pp. 192-195.